

ESTAMPA DA PAIXÓN

Por J. NÚÑEZ BÚA

Eran tempos nos que un fato de mozos que tiñan por mestres a Castelao, Otero, Risco, Lousada, Villar Ponte, Cabeza de León, Lugris..., percorrían os camiños da Terra en tarefa evangelizadora, pra satisfacer as súas arelas de abalar as concencias, os debezos de tirar ás xentes do seu "longo sono de pedra", os degaros de soerguer a ialma galega i emproala cara o porvir. Ben poideran levar por lema, como espora da súa aitividade cidadana, as verbas do vello Whitman: "O porvir non ven, compre ir cara o porvir".

Como nos días de Xesús, eran poucos no traballo de sementeira. Esparexían idealidade, outra cousa non tiñan. Decían ás xentes: ¡Escoitade!... E nos adros e nas prazas, dende os balados rurás e dende os palcos de música vilegos espallaban o seu idearium e a súa protesta, que tiñan os alicerces chantados no cerne de vellas tradicións i a raigame prendida en feitos históricos dos devanceiros que loitaran en percura da manumisión de Galiza. Os fitos ideás estaban en dar ós galegos pulo e inzalos en vountade de liberdade creadora, capaz de conquistar que Galiza acade a ser suxeto de Dereito, pra que nun día prósimo ningún petrucio, coma o da estampa de "Nós", teña que decir doorido e resiñado ós seus netos: "A nosa Terra non é nosa, rapaces".

Tal que na parábola do sementador, moito gran perdíase: comesto, queimado ou abafado. Mais outro prendía, agromaba i espigaba, dando trinta, sesenta e até cento por cada un... Non todo eran verbas faladas. Castelao non só metía a fala nos ouvidos, que a metía tamén polos ollos. Il facía realidade o man-

dado do Mestre de Galilea: “Mirade o que ouvides”... Os seus dibuxos con pé chegaban a cotío á xente; entraban por ollos i ouvidos. Nas casas dos probes, dos escuros, dos que padecían fame de pan, fame de xusticia e fame de luz, non había cadros nin fotos, pro adoitaba a estar pegada ou cravada con tacholas na parede —“un berro na parede”— unha caricatura de Castelao recortada do xornal. E o seu nome era por iso sabido i amado en toda Galiza.

Veleiqué un feito inxel e puro que dende fai cáseque corenta anos bule tremecente na lembranza do cronista.

No auto do Edmundo Nóvoa (uruguaio-galego que agora disfroita en Montevideo unha vízosa ancianidade, non vellice), auto que tiña sido do Arcebispo de Compostela, viaxamos un día Edmundo, Castelao e o narrador. Saímos de Vilagarcía no abreinte dun día de vran. Percorrimos estradas que arrodean aquela regalía dos ollos que é a río d’Arousa, alcoube de enxeños. Xa con sol no ceo, rubimos Moimenta, encosta do Barbanza; pasamos á beira da parroquia de Fruíme, de sona e louba por gracia do estro dos dous Castro, poetas, que foron seus abades. Cruzada Noía —“do buenos navíos se suelen labrar”— por riba dos vinte arcos da ponte Nafonso (“Adiós ti, ponte Nafonso; / non sei quen te acabará; / vinte anos me levache, / fror da miña mocedá”, grabóu no vento a cantiga) entramos en terra muradana (“de gente que armando bollicios e guerra / se muestra bien diestra e ardid en la mar”, rimóu o licenciado Molina). Vimos Outes, berce de Añón, doído precursor... Dende Muros, pola beiramar, chegamos deica Carnota, onde, ás nove, botamos os primeiros sermós. E n’O Pindo —enganosa resoancia grega— ó pé da súa rara penedia de discutida interpretación, e dediante as escumas da fervenza do Xallas, tamén predicamos.

Foi en Lira, poético nome pra un home lído, paisaxe moi composto prá kodak dun turista, terra e mar de suor prós peixeiros de dorna que nun día de fadiga acadan a xuntar un queipo pequeno de langosta, dous cativos carabelos de percebes e, se pinta ben, un copo de sardiña... Lira é unha parroquia campesía e mariñeira, estreita fita de leiras debruzadas entre o monte e o mínimo areal veciño da punta Miñarzos e do illeiro das Arrociñas. Agardábanos alí moitedume de labregos e mariñeiros, a maioría xente moza. No ar estouróu unha ducia de

palenques e nas gorxas froreceron os versos de Pondal nos sons tecidos por Veiga.

Unha mocíña loira e dereita, co seu pano de alfombra ó seo e sober da cabeza manteleta de pano sedán caíndo en bandas que lle enmarcaban a faciana, chegóuse deica Castelao. Paseniño corréuile a man polas costas. E voltándose prás compañeiras, as meixelas acesas i a man alba tremente, dixo moi amodo:

—¡Eu chiquéille!

As mentes do cronista viñeron as verbas que Marcos, cando Cristo vai ó pazo de Jairo pra voltar a súa filla á vida, pón na boca da doente que, en chegándose ó taumaturgo, denantes de lle tocar, dí o seu pensar de fe: “Se poño a man no seu vestido seréi salva”.